
O CONCELLO DE PORTO DO SON, EN COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, PON EN MARCHA UN PROGRAMA DE FORMACIÓN GRATUÍTO PARA OS VECIÑOS MAIORES DE 50 ANOS.

O Concello de Porto do Son e a Universidade de Santiago van levar a cabo durante o mes de marzo unha serie de accións formativas, de carácter gratuÍto, a través do programa Universitario de Maiores, IV Ciclo, para todos os veciños maiores de 50 anos.

Baixo o título "Camiños do Coñecemento e Experiencia", as persoas maiores de 50 anos que desexen participar disfrutarán da aprendizaxe en distintas áreas de coñecemento, como son o ámbito artístico coa disciplina da música, a historia da cultura de Galicia e a área medioambiental; todas elas impartidas por profesores da Universidade de Santiago.

A formación teórica vai ter lugar no Centro de Interpretación do Castro de Baroña os días 1, 9 e 15 de marzo en horario de 17:00h a 18:30h.

Ademais dos coñecementos teóricos vinculados ao valor do patrimonio, xa sexa artístico, histórico, cultural ou medioambiental, estas accións formativas terán tamén a súa parte práctica. Así, as persoas que participen nesta iniciativa poderán disfrutar dun concerto da Real Filharmonía de Galicia no Auditorio de Galicia (en data por determinar), visitarán os petróglifos da Gurita (día 16 de marzo, ás 11:00h) e coñecer o funcionamento dunha planta de tratamento de augas (día 19 de marzo, ás 11:00h).

Máis información e inscricións no departamento de Servizos Sociais (981867414) ou no Servizo de Orientación Laboral (981867412) do Concello de Porto do Son .

Porto do Son, 19 de febreiro de 2018.